



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO PARA O DIA MARTES 3 DE SETEMBRO DE 2024

O día 14 de agosto do 2024 catro membros da Corporación Municipal solicitan a celebración dunha sesión extraordinaria de Pleno para a toma de posesión dos tres novos concelleiros electos. De acordo ao establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o prazo máximo para realizar esta sesión sería o 5 de setembro do 2024.

Porén, en cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no 78 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 7 de xullo do 2023,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: martes 3 de setembro de 2024.
- ➔ Hora: 12,00
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRA ELECTA DE DONA YÉSICA ROSALES DIOS.
2. TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO ELECTO DE DON FRANCISCO GARCÍA DIOS.
3. TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO ELECTO DE DON ÁNGEL RODRÍGUEZ CONDE.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>) e no de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno e aos concelleiros electos a efectos da súa toma de posesión poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>), coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca